


LECTORES/AS AVANZADOS/AS




A TROPA CONTRA O VIRUS, de Alberto Avendaño. Ed. Xerais. Monchiña e Floreano lideran un grupo de personaxes que se unen á doutora Peralta para derrotar o coronavirus. A realidade aumentada, a realidade virtual e o mundo real combínanse nesta historia que transcorre entre as Rías Baixas e Compostela, onde ten lugar unha batalla crucial contra a COVID-19.

O nariz de Fiz, de Miro Villar. Ed. Galaxia. Fiz vive nunha aldea da montaña da Galicia rural. É unha criatura pequerrechiña e miudiña, pero posúe unha estraña habelencia que o converte en protagonista de emocionantes aventuras.




A SEÑORITA BUBBLE BAIXO CERO, de Leticia Costas. Ed. Xerais. Lady Bubble comeza unha nova vida en Rovaniemi, unha preciosa vila de Laponia. Os problemas non tardan en petarille na porta. Unha familia de pingüíns necesita da súa axuda con urxencia. Non son os únicos: os elfos da fábrica de xoguetes están vivindo unha situación desesperada.

SETE CHAVES PARA ABRIR OS SONOS, de Alfredo Gómez Cerdá. Ed. Kalandraka. Gianni Rodari, Tomi Ungerer, Astrid Lindgren, Juan Farias, Christine Nöstlinger, Roald Dahl e Gloria Fuertes protagonizan sete relatos, un número máxico para outras tantas figuras esenciais na historia da Literatura Infantil e Xuvenil contemporánea.




EL LIBRO DE LOS ERRORES, de Gianni Rodari. Ed. Juventud. Gianni Rodari estaba convencido de que "os erros no están nas palabras, senón nas cousas; hai que corrixir os ditados, pero sobre todo hai que corrixir o mundo" de aí nacen as historias e as rimas deste libro cheo de personaxes divertidos e estafalarios, e bastantes erros ortográficos e gramaticais.

TÚ PUEDES CAMBIAR EL MUNDO, de Lucy Bell. Ed. Anaya. Esta práctica guía, repleta de información e de actividades, ten como obxectivo que as/os nenas/os realicen cambios significativos no seu modo de vida e que, á súa vez, contribúan a transformar o mundo. ¡Participa no cambio!



PARA ESCOITAR, VER E XOGAR




EXTRA!, de Paco Nogueiras. Ed. Kalandraka. Libro CD. 12 cancións neste novo libro-disco ilustrado por Marc Taegeer que, ademais, conta co apoio dos videoclips dirixidos por José Miguel Sagüillo.

COSTURAS, de Guadi Galego. 10 cancións de Guadi Galego e Carlos Abal que viaxan desde mundos asociados á súa infancia ata o presente máis duro e á vez esperanzador, onde a autora se amosa tal como é. Tres colaboracións compoñen o disco: dúas poetas, Antía Otero e Marina Oural, e unha cantante, a catalá Paula Grande.



EL VIAJE DE CHIHIRO, de Miyazaki. Chihiro é unha nena de dez anos que está mudándose coa súa nai e o seu pai a un novo fogar. Polo camiño, a familia atópase cun enorme edificio vermello, que ten no centro un longo túnel. Ao outro lado do pasadizo débúxase unha cidade fantasma.

PICTIONARY, de Mattel. O xogo de mesa no que as/os xogadoras/es teñen que adiviñar palabras e frases a través de debuxos.




E PARA OS/AS MAIORES...



O PARAÍSO DOS INOCENTES, de Antón Riveiro Coello. Ed. Galaxia. É unha viaxe á cerna da destrución provocada polo conflito sirio e á traxedia dos/as refuxiados/as, ao tempo que un canto emocionado á solidariedade, á esperanza e á liberdade.

UN TRIBUTO A LA TIERRA, de Joe Sacco. Ed. Reservoir Books. Obra mestra do periodismo gráfico sobre os pobos indíxenas de Norteamérica, a explotación de recursos naturais e a nosa débeda coa terra.



CRECIENDO JUNTOS, de Carlos González. Ed. Temas de hoy. Consellos para nais/pais con fillas/os de máis de un ano.

A BIBLIOTECA DE FLORA



NESTE NADAL, FLORA RECOMENDA...



BIBLIOFLORA

CEIP PLURILINGÜE PEDRO CASELLES ROLLÁN

PARA LERLLES



NO OVO, de Emma Lidia Squilari. Ed. Kalandraka. Doce ovos e, en cada un, unha criatura a piques de nacer. Ao principio, o interior da casca é un lugar cómodo e seguro, pero axiña o espazo vai minguando a medida que os animalíños medran.

O CONTO DO OUTRO DÍA, de Roberto Aliaga. Ed. Kalandraka. Un tenro diálogo na escuridade do cuarto, pouco antes de durmir, do que se desprende a capacidade das/os nenas/os para conseguir que a persoa adulta recupere, da súa etapa infantil pasada, a emoción e a fantasía perdidas.



UNHA FÁBRICA DE BICOS, de María Canosa. Ed. Xerais. A Mindi non lle gustan os bicos. Nin sequera un pouco, a pesar de recibilos. Esa pode ser a razón de que non os dea. Quizais si ou quizais non. Pódese aprender a dar bicos? Existe unha máquina que os fabrica dentro de nós e os fai saír a través dos beizos?


CARAMULO E A CARPINTEIRA DOS SOÑOS de Anxo Moure. Ed. Baía. Un libro que recolle o xeito de contar da tradición oral dirixido á xente pequena, mais tamén ás nais e aos pais. Pódese considerar unha homenaxe á sabedoría das persoas que construían os xoguets populares, representadas no vello Xepeto.




IDEPRISA DEPRISA!, de Clotilde Perrin. Ed. Juventud. Un libro para ler rápido, rápido a primeira metade... e moi pooquiño a pouco a segunda.



BAIXO TERRA, de Petra Bartíko-vá. Ed. Baía. O coello, a toupa, o teixugo. Todos estes animais viven baixo terra. Algúns só no inverno, algúns todo o ano. Os animais son coma a xente: teñen diferentes preferencias e necesidades. Achégate ao reino animal e atreve a formar parte del, aínda que sexa un ananquiño. Convértete nun animalíño, verás que divertido!




PRIMEIROS/AS LECTORES/AS



ACOUGA BABAÚ, de Blanca Millán. Ed. Xerais. Estar só na casa pode ser aburrido, mais eu teño un amigo co que podo xogar, cantar, ir de paseo, axudar na casa, pero...

O DRAGÓN QUE NON BOTABA LUME, de Carlos López. Ed. Galaxia. O dragón usaba o lume que saía da súa boca para incendiar... O que esperamos dun dragón é que nos queime o cú co seu lume. Pero que pasa cando un dragón non bota lume? Pode haber peor cousa para un dragón ca iso?




WINNIE-THE-POOH, de A.A. Milne. Ed. Sushi Books. Coñece o oso máis popular do mundo neste volume no que Pooh queda atoadado nun oco estreito, case atrapa un guzo e descobre unha clase equivocada de mel... entre outras aventuras!

BICHERÍA, de Carlos Blanco. Ed. Xerais. Un libro cheo de paxaros, insectos, peixes, réptiles, felinos e demais bichería con máis de corenta contos pequenos, pero grandes en humor e tenrura, nos que descubrirás as cousas estrafalarias que lles aconteceron a estes animais e mesmo a verdadeira orixe dalgúns deles. Unha aventura bestial!



LAS MEJORES HISTORIAS Y RIMAS, de Gianni Rodari. Ed. Anaya. Pequenos contos ou coloridos e vibrantes poemas con historias, repletas de imaxinación e o humor de Rodari, entreteñen a lectoras/es xoves e non tan xoves.

¿PUEDO TOCAR UN ARCOÍRIS?, de Sue Nicholson. Ed. Bruño. Podo sentarme nunha nube? As plantas bailan? Canto máis curiosa sexa a pregunta, mellor: o bufo sabio ten todas as respostas e acompañarase ao longo das páxinas deste divertido libro. Búscalo, a el e aos seus dous fillos, e descubre o fascinante planeta Terra grazas a un montón de datos asombrosos!



LECTORES/AS EN MARCHA



PATIO DE LUCES, de Érica Esmoris. Ed. Xerais. Lea pasa as tardes dos venres co seu avó, que é porteiro dun edificio. Unha profesión en perigo de extinción! O baixo do avó parécelle moi aburrido, agás polo patio de luces, ao que lle está terminantemente prohibido saír. En canto o avó volve ao traballo, Lea desobedece e sae ao patio...

GELSOMINO NO PAÍS DOS MENTIRÁNS, de Gianni Rodari. Ed. Kalandraka. Gelsomino é un rapaz cunha voz tan potente que pode esnaquizar castelos enteiros só con botar un berro. Xunto cos seus amigos, enfrontarase ao rei do País dos Mentirás, onde mentir é obrigatorio por lei; onde dicir a verdade supón expoñerse a fortes sancións por orde de quen manda,



A FORMIGA DESTEMIDA, de María Reimón-dez. Ed. Xerais. Unha formiga curiosa e valente decide afastarse do seu formigueiro para vivir novas experiencias. Polo camiño vaixe atopar con animais que nunca vira e aprenderá a facer cousas que xamais imaxinara: tocar música, flotar na auga, voar... Tamén saberá da existencia dos humanos: serán tan malvados como contan?

CONTOS POR TELÉFONO, de Gianni Rodari. Ed. Kalandraka. Os 70 relatos deste libro maxistral son alfaías da literatura breve, exercicios de imaxinación con sentido do humor.



EL SECRETO DE OLGA, de Patricia García Rojo. Ed. Anaya. Olga vive nun futuro non moi lonxano, onde a Terra é un enorme vertedoiro no que a vida apenas protexive e os espazos naturais son santuarios protexidos que non poden tan sequera visitarse.

SALVEMOS O PLANETA, de VV.AA. Ed. Xerais. Por que hai gaivotas nos vertedoiros? Que é unha marea negra? E o quentamento global? Tan malo é o plástico? Un libro para aprender... divertíndote.

